

# 35

# cabodano de ELÍAS VALIÑA SAMPEDRO

Actos de homenaxe en:

**LUGO**

**11 de decembro de 2024.**

**SANTIAGO**

**12 de decembro de 2024.**

**SARRIA**

**13 de decembro de 2024.**

**O CEBREIRO**

**14 de decembro de 2024.**

No seu 35 cabodano, a Asociación de Xornalistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA), xunto cos familiares, veciños e amigos, lembra a Elías Valiña Sampedro (Lier – Sarria, 2/2/1929 – O Cebreiro – Pedrafita, 11/12/1989), o que foi Cura do Cebreiro (1959 – 1989) e un dos máis importantes valedores do Camiño de Santiago ao longo da segunda metade do século XX; un reputado investigador, ao servizo do Camiño de Santiago e do desenvolvemento ecolóxico, económico, pedagóxico, educativo, cultural e social do entorno, da Montaña e de Galicia.

## PROGRAMA

### Mércores, 11.12.2024.- Lugo

- Ás **20:30** na Igrexa parroquial de Santiago A Nova
- Apertura do acto:
  - Luciano Armas Vázquez, párroco de Santiago A Nova, cóengo da Catedral de Lugo e amigo de Elías Valiña.
  - Xosé María García Palmeiro, presidente da Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA).
- Concerto:
  - Grupo Vocal **Sólo Voces** de Lugo, que ofertará un repertorio con música sacra, composta desde o medievo até os nosos días, onde non faltarán composicións de músicos lugueses, como J. Montes ou Juan Antonio Moreno Fuentes.

### Xoves, 12.12.2024.- Santiago de Compostela

- Ás **19:00** no Museo das Peregrinacións e de Santiago
- Presentación do libro **Pilgrim Spirit: Elías Valiña and the Revival of the Camino 1959-1989**, tradución ao inglés do **Elías Valiña, Valedor do Camiño** (2007).
  - Autor do Libro: Luís Celeiro Álvarez
  - Tradutora para a edición inglesa: Laurie Dennett

### Venres, 13.12.2024.- Sarria

- Presentación da edición en inglés do libro **Elías Valiña, Valedor do Camiño** (2007)
  - Autor do Libro: Luís Celeiro
  - Tradutora ao inglés: Laurie Dennett
  - Ás **10:50** no IES Xograr Afonso Gómez
  - Ás **12:00** no IES Gregorio Fernández. Biblioteca Fiz Verga
- Ás **13:30** no Concello de Sarria
- Recepción do Alcalde e a concelleira do Camiño de Sarria, Claudio Garrido e Reyes Abella, respectivamente. Participarán os organizadores dos actos, familiares e amigos de Elías Valiña, estudosos do Camiño de Santiago e demais persoas interesadas na temática xacobeá, entre elas veciños de Sarria e do Cebreiro e representacións dos concellos do Camiño.
- Presentación e entrega de exemplares para a biblioteca municipal do libro "Pilgrim Spirit: Elías Valiña and the Revival of the Camino 1959-1989", tradución ao inglés do **Elías Valiña, Valedor do Camiño** (2007).

### Sábado, 14.12.2024.- O Cebreiro

- Ás **12:30** na Igrexa de Santa María do Cebreiro
  - Memorial na honra de Elías Valiña Sampedro.
  - Apertura da xornada:
    - Francisco Castro, párroco de O Cebreiro
    - Xosé María García Palmeiro, presidente da Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA)
    - José Luis Raposo, alcalde de Pedrafita do Cebreiro.
  - Modera e coordina: Luís Celeiro Álvarez, periodista, Académico Numerario da Academia Xacobeá e vicepresidente de APECSA.
- Neste parlamento e memorial poderán participar todas as persoas que o desexen e soliciten a palabra. O tempo, de aproximadamente 100 minutos, dividirase entre o número de persoas que vaian a intervir e o resultado será o tempo que lle corresponderá a cada unha das intervencións.

- Ás **14:30**
- Xantar en O Cebreiro (xunto da Igrexa). Cadaquén pagara o seu e as persoas interesadas deberan anotarse antes do día 9/12/2024, dirixíndose ao teléfono: 660333621 (María Xosé) ou ao correo electrónico: [periodistas.caminodesantiago@gmail.com](mailto:periodistas.caminodesantiago@gmail.com)
- Ás **17:00** na Igrexa de Santa María do Cebreiro
- Continuación do memorial
- Ás **18:00**
- Como todos os días, en O Cebreiro, Misa do Peregrino e bendición de Frei Paco, en varios idiomas.

Asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago (APECSA)

[periodistas.caminodesantiago@gmail.com](mailto:periodistas.caminodesantiago@gmail.com)